

Cabo Home, un mergullo na Idade Média galega

César Varela

“A Nosa Terra”

O cabo Home é a punta da península do Morrazo, desde onde se pillan coa man as illas Sias e se enxerga un amplo horizonte oceánico.

Pedra do Home é una pedra alta da illa de Sagres, na boca do mar de Arousa; o Alto do Home e o Home de Bocelo son os nomes de dous cumes lugueses, respectivamente, na Póvoa de Brollón e en Vilalba.

Temos que engadir á lista varios altos ou penedos do “home” na viciña Asturias, amén da simbólica Portela de Homem, na raia de Ourense con Portugal, no cerne dos agrestes e belos lugares do parque nacional da Serra do Gerés.

A preferencia deste nome de “home” por lugares altos e puntos de profundos horizontes, é o que nos leva a supor una relación deste nome coas alturas ou penedos. Non van por ese camiño as opinións recollidas polo dicionario portugués de Machado, que máis ben enverea por una relación do nome coas augas, velai as súas palabras: *“Homem, río da provincia do Minho, afluente do Cávado; ribeira tamén do Minho, afluente do Tâmega, tamen se chama río Homem... O topónimo “Homem” tem origem obscura, ja que a hipótese do P. Arlindo R. da Cunha (do latim AMNE-) parece pouco provável; talvez se deva ao procéltico ONNO, OMNO, nome de río tal vez ligur, confundido con o latim Homo e, por este, tornado Homine-. Em 960: “Riuulo homine” e “omine” em 1154.”*

A nosa teima de relacionar o nome, máis que coas augas como suxere o Machado, coas pedras e os montes, lévanos a matinar se o nome deses ríos portugueses non procederá do nome das alturas ou portelas onde nacen, e non á inversa.

Seguindo este fío de pensamento, chegamos a pensar se non procedería do latín “Moene-is”, co sentido de trincheira, parapeto ou muralla que podería cadrarlle ben ao feito dos cantís e barranqueiras naturais que configuran a paisaxe, tanto da Portela de Homem, coma da nosa morracense punta.

Despois de moitas reviravoltas mentais, na procura da palabra orixinaria do noso topónimo, chegamos á conclusión de que a palabra “home” nen procede de ríos, nen de penedos, nen de fortificacións naturais nen artificiais, significa, simplemente iso, home!, ou sexa, ser humano; iso si nun certo censo, que imos esclarecer a seguir: a chave estaría na paisaxe toponímica da montuosa península do Morrazo, e dánola a relación con outros nomes viciños. Alí temos a “Costa da Vela”, deitada sobre o alto do Facho, a aldea de Donón, os montes e praia de Melide, e por fin o cabo Home ou Cabo D’ome.

Facho e Vela, son nomes que nos están a falar de vixías e asexos sobre o mar tenebroso. Mais, cando comezou o mar a ser fonte de perigos? Non debeu ser nos tempos de romanos, gregos e fenicios, onde era camiño de comercio e relación, senon que a Galiza temeu o mar cando a chegada, todas as primaveras, dos temíbeis “homes do norte”, do “furore normandorum” que rezaban as ladaiñas, aí foi cado a costa da nosa terra se inzou de fachos, velas e esculcas. Vamos atender ao feito ben medieval destes nomes, DONÓN, MELIDE e HOME.

Como non é casual que eses nomes coincidan coas tres categorías que vertebran a sociedade da alta idade media galega: DOMINUS, MILITES e HOMINES, quer dicir, señores, soldados e povo chan.

Se a nosa tese é certa, velai escrita na toponimia, un anaco da nosa historia pasada. Como nos informa F. López Alsina, no seu traballo “La ciudad de Santiago de Compostela en la alta edad media”: *Obispo Hermenexildo comia rodeado dos seus cabaleiros; “Altera ergo die cum militibus suis inter epulas sedenti”. Sinando II morreu combatendo co seu exército en 968. Crescónio combateu tamén aos normandos coa súa milícia. O asasinato do bispo Gudesteo aconteceu en última instancia do seu intento de “dignitates e honores hujus Apostolicae Ecclesiae ad statum rectitudinis promovere”. O propio pai de Xelmirez era un tenente do castelo de Honestum, desde o que gobernaba Iria e toda a Amaea... atribuíu ao bispo Sisnando II a perda das posesións do Salnés, entregado aos “milites” que defendían o territorio das incursións dos normandos.”*

Estamos pois, no Morrazo, que pertence á Sé Compostelana, na Alta Idade Media, alí temos o lugar de DONÓN, onde radicaría o “dominium” ou señorío, que delega nun “milite” a custódia dos montes e praias en volta, que daí tomarán o nome de MELIDE, este caudillo militar, como bon estratega destaca no ápice da península, no lugar onde hoxe está o faro, un vixía, un soldado raso, ou sexa un HOME no labor de centinela permanente sobre o estreito entre o continente e o mar.

A mesma teoría serviría para o “HOMEM” da Portela portuguesa, esculcando desde o privilexiado lugar en que hoxe está o paso fronteirizo, con amplas enxergadas ás terras de Lóvios e do Gerés.

Na idade média, os “homines” era o sector humano básico que constituía as vilas e os labregos.

No exército, aínda hoxe, a un soldado díselle, simplemente, un home. Ese sentido de equivalencia entre home e centinela aínda está presente no noso galego actual, pois a nosa rapazada, sabía moi ben que o “home das mazás” ou o “home das cereixas” tiña unha función moi semellante á do noso “home” medieval de velar pola integridade das frutas ante o curso xuvenil.

Do mesmo xeito que o noso centinela ou “home” medieval ficou rexistrado na toponimia galega dando testemuña de toda unha época, tamén os outros protagonistas da historia, MILITES e DOMINUS, deixaron as súas pegadas nos nomes da nosa terra, mais iso vai ser asunto para outro día.